

ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019 / 2020

CEIP MESÓN DO VENTO

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

MATEMÁTICAS	
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	Le, escribe e ordena números ata o 10 000. Aproxima números á decena, centena e millar.
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	Realiza series tanto ascendentes coma descendentes. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluíndo o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	Coñece as táboas de multiplicar Realiza cálculos numéricos coas operacións de multiplicación e de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados. Identifica e usa os termos da multiplicación e da división.
Operar con diferentes medidas de lonxitude e tempo.	Suma e resta medidas de lonxitude, en forma simple. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
Coñecer as unidades de medida do tempo e a súa relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	Resolve problemas da vida real utilizando medidas temporais.
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relación entre os datos, pregunta realizada).
Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas. Planifica o proceso de traballo de forma guiada.

LINGUA GALEGA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.
Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados.	Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
Ler en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade .	Le textos sinxelos en silencio e en voz alta adaptados.
Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir.	Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guion establecido. Resume brevemente o contido de textos sinxelos a partir de preguntas.
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	Separa as sílabas que conforman cada palabra. Identifica substantivos e adxectivos. Sinala o xénero e o número de palabras dadas e é quen de cambialo.
Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas.	Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención ás maiúsculas.
Utiliza correctamente as regras de puntuación e unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.	Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.
Identificar palabras derivadas, así como sinónimos e antónimos básicos.	Recoñece palabras derivadas, identificando e formando familias de palabras. Recoñece sinónimos e antónimos básicos..

LINGUA CASTELÁ

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
Participar en situacións de comunicación dirixidas ou espontáneas respectando a quenda e as intervencións dos demais.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera da quenda e respecto pola opinión dos demais.
Ler, en voz alta e en silencio, diferentes tipos de textos, apropiados á súa idade..	Le en voz alta e/ou en silencio diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía e como gozo persoal.	Comprende información global en textos de diferente tipoloxía
Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	Escribe textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: contos, descrições, narracións, receitas... Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza .
Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Coñece e utiliza palabras sinónimas e antónimas básicas na expresión oral e escrita. Recoñece e utiliza, segundo modelo, prefixos, sufixos e crea palabras derivadas.
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario e as regras de ortografía.	Recoñece as categorías gramaticais básicas: nome, adxectivo, determinante, verbo. Diferencia familias de palabras. Utiliza as normas ortográficas básicas.

CIENCIAS NATURAIS

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.

Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable.
Identificar e clasificar animais e plantas do seu contorno, recoñece as súas características principais e busca información.	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno.
Observar algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo.	Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e explícaaas.
Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.

CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
Adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas.	Participa en actividades individuais e de grupo respectando os principios básicos do funcionamento democrático.
Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol e os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	Identifica e localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunhas das súas características básicas empregando as TIC.
Localizar ao planeta Terra e á Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria.	Describe de forma sinxela os movementos terrestres. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.
Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura.	Identifica e nomea as capas da Terra.
Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	Recoñece distintas formas de representación da Terra: planos, mapas e globos terrestres.
Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitacións.	Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	Recoñece os principais elementos da paisaxe.

2. Avaliación e cualificación

Procedementos:

A avaliación será continua, formativa e global, tendo en conta sobre todo os resultados dos dous primeiros trimestres. As tarefas de reforzo, recuperación e ampliación realizadas no terceiro trimestre teranse en conta só no caso de que favorezan ao alumnado.

Instrumentos:

Proposta de tarefas na páxina web.
Consulta de dúbidas por teléfono, correo electrónico ou videoconferencia (Plataforma Cisco Webex).
Envío de traballos específicos para valorar con carácter de diagnóstico as súas aprendizaxes.

Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:

Para o cálculo da cualificación final teranse en conta as cualificacións obtidas nos dous primeiros trimestres. A avaliación das aprendizaxes levadas a cabo no terceiro trimestre só se terá en conta en caso de favorecer ao alumnado.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Matemáticas:

Repaso dos dous primeiros trimestres:

Repaso da numeración, operacións con números naturais e resolución de problemas.

Medidas: lonxitude , tempo.

Sistema monetario.

Ampliación:

Introdución ás medidas de capacidade e peso.

Lingua Galega:

Repaso dos dous primeiros trimestres:

Comprensión e expresión escrita. Distintos tipos de textos (descricións, narracións, receitas...)

Vocabulario e estruturas traballadas previamente.

Repaso de regras ortográficas

Ampliación:

Pronomes persoais e verbos.

Diminutivos e aumentativos.

Campo semántico.

Regras ortográficas: -aba, br- bl-, bu- bur- bus-.

	<p><u>Lingua Castelá:</u></p> <p>Repaso dos dous primeiros trimestres:</p> <p>Comprensión e expresión escrita. Distintos tipos de textos (descricións, narracións, receitas...).</p> <p>Vocabulario e estruturas traballadas previamente.</p> <p>Repaso de regras ortográficas.</p> <p>Ampliación:</p> <p>Regras ortográficas (g/j, bl- br-, hie- hue, -bir, -aba -abas...)</p> <p>O pronome persoal e o verbo.</p> <p>O campo semántico.</p> <p><u>Ciencias Sociais:</u></p> <p>Repaso dos dous primeiros trimestres.</p> <p>Ampliación 3º trimestre: “Os traballos”</p> <p><u>Ciencias Naturais:</u></p> <p>Repaso dos dous primeiros trimestres.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Utilizar o libro de texto, para a busca de información.</p> <p>Colgar fichas explicativas de apoio a algunhas tarefas.</p> <p>Para presentar as tarefas ao alumnado utilízase a páxina web do centro. Póñense todos os días as tarefas para que as fagan e a solución das do día anterior. Algunhas actividades mándannas por correo electrónico e envíaselles a corrección tamén por ese medio.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Libros de texto e material funxible.</p> <p>Tarefas na páxina web do centro e solucións das mesmas, tamén na páxina web.</p> <p>Colgar algúns enlaces a páxinas web para a práctica on line e a vídeos explicativos.</p> <p>Contacto coas familias e co alumnado a través do teléfono, correo electrónico e videoconferencia, por iniciativa da titora ou de calquera dos alumnos/as ou familiares.</p> <p>Petición de envío dalgunhas tarefas ao correo para a súa valoración, corrección e posterior explicación dos fallos.</p>